

## **Normas para a elaboración, defensa, avaliación e cualificación do Tralaballo de Fin de Máster**

*Aprobadas pola Comisión Académica o 16 de marzo de 2016*

### **Artigo 1. OBXECTO DESTA NORMATIVA**

De acordo coa planificación docente do *Máster Universitario en Arte Contemporánea. Creación e Investigación* da Universidade de Vigo, axustada á normativa vixente e á memoria verificada da titulación, é requisito indispensable para a obter o título, a elaboración e defensa pública dun Tralaballo de Fin de Máster (TFM). O obxecto desta norma é a ordenación dos procesos e procedementos para a xestión desta actividade de docencia-aprendizaxe, en concreto o procedemento de asignación de dirección docente ao alumnado, o formato dos resultados e os procedementos da súa presentación, defensa pública, avaliación e cualificación.

### **Artigo 2. DEFINICIÓN DO TFM NA TITULACIÓN**

O TFM está destinado á avaliación da adquisición das competencias da titulación. Consistirá no desenvolvemento individual dun proxecto orixinal de investigación e creación dentro do ámbito da creación artística contemporánea, realizado baixo dirección docente.

Os resultados do TFM será presentados mediante:

- A exposición dos resultados do proceso de creación e investigación que, por regra xeral e de acordo aos contidos e obxectivos da titulación, inclúe unha elaboración material resultado dun proceso de creación artística.
- Unha memoria escrita, que debe axustarse ás directrices que se establezan.

Excepcionalmente poderán elaborarse TFM cuxo resultado requira outros formatos de presentación. Nestes casos as características concretas do TFM e as condicións da súa presentación e defensa pública deberán ser establecidas pola súa dirección docente co acordo da Comisión Académica. De consideralo conveniente, a Comisión Académica poderá establecer directrices para a elaboración, presentación, defensa e avaliación de tipoloxías concretas de TFM.

A Comisión Académica poderá autorizar a realización de TFM por equipos de dous ou máis persoas, sempre que o xustifique a natureza do proxecto. Nestes casos a avaliación e cualificación será individual.

### Artigo 3. DIRECCIÓN DOCENTE DO TFM

#### 3.1 Asignación de direccións docentes de TFM

A relación de docentes que, para cada curso académico, poden acceder á dirección de TFM e a das súas respectivas liñas de investigación e creación publicarase na páxina Web da titulación. Segundo o calendario que para cada curso establézase, o alumnado deberá poñerse en contacto co profesorado cuxas liñas se axusten ao seu proxecto ou consideren máis interesantes para elaborar o seu TFM. Segundo o calendario citado, farán a solicitude de dirección de seu TFM ante a Comisión Académica do Master, segundo o modelo recollido no Anexo 1, que inclúe un breve resumo do proxecto a desenvolver e unha relación priorizada de tres posibles persoas directoras.

Á vista das solicitudes recibidas, da natureza e características dos proxectos presentados e trala consulta co profesorado implicado, a Comisión Académica asignará un máximo de catro direccións de TFM a cada docente. Estas asignacións serán publicadas na web da titulación e comunicadas ao alumnado implicado quen, en caso de desacordo coa asignación realizada, poderá presentar alegación razoada no prazo que se estableza ante a Comisión Académica, que resolverá.

Calquera incidencia que afecte á dirección dun TFM durante o seu proceso de elaboración será resolta pola Comisión Académica.

#### 3.2 Tarefas de dirección

Cada docente confirmará o seu compromiso de dirección ante á Secretaría da Comisión Académica mediante escrito segundo o modelo que se inclúe no Anexo 2.

A dirección do TFM implica as seguintes tarefas:

- Seguimento e titorización do alumnado durante a elaboración de seu TFM.
- A avaliación e cualificación do TFM dirixido, segundo os procedementos e criterios recollidos nesta normativa e na Guía Docente.

#### 3.3 Recoñecemento docente das tarefas de dirección

A Comisión Académica establecerá os criterios para o recoñecemento académico das tarefas de dirección do profesorado, de acordo co establecido pola Universidade de Vigo.

No caso de TFM codirixidos, o posible recoñecemento académico repartirase a partes iguais entre o profesorado implicado.

No caso de TFM realizados por máis dunha persoa, as tarefas de dirección terán o recoñecemento resultante de aplicar a fórmula:

$$X = A (A \times N/2)$$

Sendo **X** o recoñecemento resultante, **A** o recoñecemento mínimo establecido por cada dirección de TFM e **N** o número de persoas autoras do TFM dirixido.

## **Artigo 4. DEFENSA, AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO TFM**

### **4.1 Responsabilidade da avaliación e cualificación do TFM**

A avaliación e cualificación de cada TFM é responsabilidade tanto da súa dirección, que emitirá o Informe Final de Avaliación que se especifica no Artigo 4.2, como do Tribunal de Avaliación que se nome ao efecto. O proceso de avaliación incluírá un acto de Defensa Pública do/a autor/a ante o tribunal.

Corresponde ao Tribunal de Avaliación a cualificación final do TFM, tendo en consideración a avaliación e cualificación da dirección, segundo especifícase no artigo 4.7 desta normativa.

### **4.2 Informe Final de Avaliación**

A dirección do TFM emitirá un Informe Final de Avaliación segundo o modelo recollido no Anexo 3, que incluírá polo menos:

- Valoración da Memoria Escrita
- Valoración dos resultados do proceso de creación e investigación.
- Cualificación global numérica de 1 a 10

Este informe será depositado pola persoa directora de cada TFM no tempo e forma que se estableza para cada curso académico, a Comisión Académica farao chegar ao Tribunal de Avaliación correspondente.

### **4.3 Tribunal de Avaliación do TFM**

A Comisión Académica aprobará a composición do tribunal ou tribunais encargados de avaliar os TFM. Cada tribunal estará constituído por tres membros, que farán funcións de presidencia, vocalía e secretaría, polo menos dous deles serán docentes da Facultade. En ningún caso poderá formar parte do tribunal que avalíe un TFM a persoa que o dirixiu. Poderán nomearse suplentes dos membros do tribunal.

Un dos membros poderá ser unha persoa invitada experta do ámbito artístico profesional ou académico; esta persoa non poderá exercer labores de secretaría nin participará en posibles procesos de revisión de cualificacións.

A composición dos tribunais e o listado de TFM que avaliará cada un deles publicaranse antes do acto de defensa dos TFM.

### **4.4 Memoria Escrita**

A Memoria Escrita deberá axustarse ao formato establecido no Anexo 4 desta normativa.

Antes da presentación e defensa pública do TFM ante o tribunal, e segundo o calendario establecido para cada curso académico, o alumnado deberá depositar a

Memoria Escrita do seu TFM, impreso e encadernado por cuádruplicado, no lugar e forma que se habiliten para iso. A Comisión Académica fará chegar a memoria ao Tribunal de Avaliación correspondente.

#### **4.5 Presentación e defensa do TFM**

A Comisión Académica, de acordo coa dirección do centro de adscripción da titulación, establecerá os lugares e prazos de montaxe dos resultados do TFM, así como o calendario e orde da presentación e defensa para cada oportunidade de avaliación, por parte do alumnado.

A defensa pública do TFM ante o tribunal consistirá nunha exposición oral durante un tempo non superior aos 20 minutos, realizada no contexto da presentación material de resultados. A continuación, os membros do Tribunal poderán solicitar á persoa autora as aclaracións ou formularlle as preguntas que consideren oportunas. Se o Tribunal estímoo conveniente solicitará a intervención da dirección do TFM, co fin de matizar ou aclarar calquera detalle.

#### **4.6 Criterios de avaliación**

Para a avaliación do TFM o Tribunal, co coñecemento do Informe Final de Avaliación emitido pola dirección, terá en consideración a Memoria Escrita, os resultados do proceso de creación artística expostos e o desenvolvemento do acto de presentación e defensa públicas. A avaliación farase sobre a adquisición das competencias específicas establecidas para o TFM.

#### **4.7 Cualificación**

Unha vez finalizada todas as defensas públicas que lle correspondan, o Tribunal procederá á súa cualificación que será resultante da ponderación da cualificación outorgada pola dirección do TFM no seu Informe Final de Avaliación e a cualificación do Tribunal de Avaliación, correspondendo á dirección do TFM o 25 % do total da cualificación e ao Tribunal Evaluador o 75 % restante.

#### **4.8 Publicación das cualificacións**

Segundo a normativa aplicable, darase axeitada publicidade ás cualificacións provisionais dos TFM, marcándose o lugar e hora para atender polo Tribunal de Avaliación solicitudes do alumnado de aclaración á cualificación obtida ou da súa reclamación e posible revisión.

*ANEXO 1*  
**FORMULARIO DE SOLICITUDE DE DIRECCIÓN DE TFM**

<i>NOME E APELIDOS</i>
<b>SOLICITUDE DE DIRECCIÓN</b> (indicar tres docentes por orde de preferencia)
1-
2-
3-
<b>PROXECTO A DESENVOLVER</b>
<i>TÍTULO</i>
<i>BREVE RESUMO</i>

ANEXO 2

DOCUMENTO DE COMPROMISO DE DIRECCIÓN DE TFM

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, docente da Universidad de Vigo, expresa o seu compromiso de  
dirixir o Traballo de Fin de Máster ao alumno/a  
D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
durante o curso 20 /20 .

En Pontevedra, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_

